



ARTURO GÓMEZ, COORDINADOR GLOBAL DO DEPARTAMENTO DE INVESTIGACIÓN EN GANDO DE LEITE DA ZINPRO



"O noso traballo tería que ir sempre encamiñado a lograr un aumento significativo no nivel de saúde podal"

Estivemos con Arturo Gómez (Vilalba, 1975) en Ponta Delgada (Os Azoires), onde a compañía para a que traballa, a Zinpro Corporation, organizou unha sesión de formación na que se deu conta das técnicas de manexo empregadas na illa e se sinalaron as debilidades e as fortalezas do sistema de pastoreo. Nesta entrevista, Gómez fálanos das súas impresións ao respecto desta xornada e afonda na súa área de especialidade: o manexo da saúde podal.

Cal foi o obxectivo desta viaxe aos Azoires?

O principal era coñecer a súa realidade de produción, así como aprender do que están a facer aquí e identificar, dende a nosa parte técnica, as oportunidades de manexo, xa que, ás veces, traer un par de ollos de fóra pode axudar a identificar novas posibilidades.

Aquí traballan cun sistema mixto. Que opinas ao respecto?

É certo que nos Azoires teñen un sistema híbrido que non é pastoreo puro, como noutros países como Nova Zelandia, Arxentina ou Chile, nin tampouco é un sistema de lote seco, como o chaman os americanos, no que as vacas saen a un parque a descansar pero toda a alimentación se fai dentro. É unha mestura entre os dous. Nun par de días de visitas identificamos que si hai oportunidades ben claras de mellora no manexo.



TALENTO MADE IN VILALBA

O vilalbés Arturo Gómez Rivas é doutor en Veterinaria pola Universidade estadounidense de Wisconsin-Madison (UW) e, dende hai uns meses, o coordinador mundial do Departamento de Investigación en Gando de Leite da Zinpro Corporation.

Licenciado en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela, Gómez comezou a súa carreira profesional cunha bolsa no organismo francés INRA (Instituto Nacional para a Investigación Agronómica) e traballando para varias clínicas veterinarias.

En 2008 cruzou o charco e comezou o máster en Epidemioloxía Veterinaria e Ensaíos Clínicos na UW, onde seguiu traballando e preparando a tese ata setembro de 2014, momento no que se incorporou ao equipo da Zinpro. Na actualidade a súa área de actuación abrangue calquera dos mercados globais centrados no relativo ao gando de leite.

Como foi o proceso de traballo dentro da explotación que visitastes?

Sempre que imos a un lugar novo no que non sabemos exactamente o que imos atopar empezamos traballando co mesmo grupo, o das vacas en transición. O período que vai dende un mes antes do parto ata un mes despois do parto é cando se xogan o diñeiro os gandeiros, polo que a eficiencia maior está en manexar correctamente ese período. En Zinpro levamos traballando xa uns cantos anos con explotacións de todo o mundo que empregan todo tipo de sistemas para ver como mellorar ese manexo, xa que somos conscientes da influencia que teñen as coxeiras en calquera tipo de rendemento produtivo posterior.

Precisamente outro dos puntos nos que afondaches foi no control das coxeiras. Cales foron as conclusións?

Na granxa que visitamos estes días o nivel de coxeiras pode estar entre o 50 e o 60 %. Non é estraño que isto pase en gando de pasto e, aínda que non afecta moitísimo ao manexo de vacas en pasto de alta produción (pódense manexar cun nivel de coxeira medio, a pesar de que o ideal sería que non houbese nada), o que non se pode permitir é que haxa coxeiras nese período de transición dun mes antes do parto a



un mes despois; de aí o que comentaba de que o primeiro no que traballamos é en identificar cales son os factores que inflúen no manexo das vacas en transición.

Como avalías estas vacas en transición?

Temos un procedemento sistemático. Miramos aspectos de manexo, como por exemplo cando moven as vacas, en que momento se xuntan as xovenas e as secas coas do patio principal, a súa habilidade para maximizar a inxestión de materia seca, o nivel de coxeiras antes e despois do parto... En pasto é moi común prestarlles atención tamén ao intervalo ou á dispersión da condición corporal que teñen os animais. No entanto, non nos preocupa tanto cal é a súa media de condición corporal, senón cales son os extremos na explotación –se hai vacas moi gordas, moi engraxadas, moi delgadas...–, sobre todo polo efecto durante a lactación nos resultados reprodutivos. O que realmente inflúe no éxito reprodutivo é a cantidade de peso que perden dende o parto ata a primeira inseminación e a saúde podal é un factor determinante neste sentido.

O certo é que en explotacións en pastoreo como a visitada asemella que hai dificultades para identificar as coxeiras. A que se debe?

A razón é que en estabulacións libres unha coxeira pequena é moi fácil que se faga severa rapidamente, mentres que en vacas en pasto o período de coxeira subclínica se estende e, aínda que pode dar moitísimas perdas en leite, non necesariamente dá moita coxeira clínica. Entón para



os gandeiros non é tan fácil recoñecer a severidade do problema. Ocorre o mesmo cos problemas do posparto: non están tan habituados a identificalos como poden estar en sistemas convencionais con estabulación libre de cubículos.

De feito, reducir a presenza de coxeiras é un dos factores fundamentais de manexo, non é certo?

Definitivamente si. Débese comezar por avaliar o nivel de coxeiras para obter o impacto no rendemento e na eficiencia da explotación. En granxas en pastoreo, como as dos Azores, en comparación con outras granxas noutros sistemas de lote aberto, hai normalmente unha presenza de coxeiras máis alta. Isto parécese moitísimo ás realidades que pode haber en Chile, na Arxentina ou en Nova Zelandia, onde hai prevalencias maiores do 15 % de vacas coxas que pasan moitas veces desapercibidas. Con todo, en sistemas de lote aberto como teñen no sur de California ou en Arabia Saudita é relativamente fácil atopar niveis de coxeira menores do 10 ou o 15 %. Este é un obxectivo alcanzable, polo que o noso traballo tería que ir sempre encamiñado a lograr en cada explotación un aumento significativo da saúde podal.

Cal dirías que é o tipo de enfermidade de coxeiras máis habitual?

En rabaños en pasto o tipo de coxeira co que máis nos atopamos é a enfermidade de liña branca. Débese á distancia entre os pastos e a sala de muxido (normalmente máis de dous quilómetros na maioría das explotacións que pasan das 100-200 vacas de leite), xa que lles aumenta moitísimo o gasto do casco. Isto fai que os pés sexan máis débiles na unión da sola e o casco preto do talón e ábreles con máis facilidade.

Cantos máis animais teñen as granxas, máis tempo teñen que pasar as vacas na sala de espera. É este outro factor condicionante?

Claro. Estáselles restando tempo de descanso. Na granxa que visitamos estes días tiñan dúas horas de espera antes do muxido, ou sexa, que terminaba supoñendo catro horas ao día. Aínda que o pasto é moi agradecido para o confort dos ani-



► **"PASAMOS MOITO TEMPO FACENDO FORMACIÓNS CO OBTIVO DE QUE A TÉCNICA DE RECORTSE SE AXEITE"**

mais, ao final, cando calculas a distribución do tempo, case non queda marxe para descansar –descontando de oito a dez horas logo de empregar de dúas a catro para comer e outras dúas esperando ao muxido–.

Como debe tratarse esta doenza?

É relativamente sinxelo. É un tratamento preventivo para todas as vacas ao parto e o recoñecemento e coidado temperán de solas finas. Hai que seguir as recomendacións do recorte funcional que, aínda que son ben coñecidas, non se adaptan sempre e non é fácil que os podólogos as sigan ao pé da letra. Neste sentido penso que aínda temos traballo por facer, de aí que pasemos moito tempo facendo formacións co obxectivo de que a técnica de recorte se axeite, neste caso, á resolución de liñas brancas. A distribución e o manexo das vacas nos distintos lotes de pasto tamén son unha parte importante da prevención.

Son habituais as enfermidades infecciosas en pastoreo?

Exceptuando o formigo, non o son. É máis común atopalas en explotacións en confinamento, que poden presentar prevalencias ata do 100 % de dermatite dixital. De feito, en explotacións en pasto, algúns países teñen unha prevalencia baixísima. En Nova Zelandia, por exemplo, está en menos do 5 %, a pesar de que teñen o 60 % das

explotacións infectadas. Por iso, a expectativa nos Azores era que non houbera moita dermatite dixital pero, despois de facer a primeira avaliación a un lote dunhas 50 vacas, atopámonos con que a persistencia na granxa visitada estaba por riba do 50 %, ben con infeccións de dermatite crónica, ben con infeccións de dermatite aguda.

Como se poden previr estas afeccións?

Penso que a nutrición, as dimensións dos baños de pés e o tratamento tópico de lesións temperás son os tres puntos fundamentais para ter un control exitoso da dermatite dixital.

Que nos podes dicir en relación ás úlceras de sola?

As vacas en pasto están nunha superficie branda, polo que non é moi común diagnosticarlas. A medida que as explotacións fan a transición dun sistema de pastoreo puro a un sistema en confinamento con patios de recreo, van estar obrigadas a pasar máis e máis tempo nunha superficie de cemento, normalmente no comedoiro, e é entón cando vai aumentar moitísimo o tempo de estancia sobre superficies duras. Foi o caso que vimos aquí e foi unha sorpresa atoparnos cunha incidencia de úlceras de sola maior do que eu me esperaba nun sistema no que o pastoreo é o sistema común de aproveitamento. ■